XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Instituto de Educación Secundaria Escolas Proval
Avda. de Portugal, 171 – 36350 Nigrán
Tfs. 886 110369 - Fax 886 110 www.escolasproval.com
ies.escolas.proval@edu.xunta.es

ED330B Participación no fondo solidario de libros de texto e axudas para adquirir libros de texto e material escolar curso 20217/18

a. Prazo de presentación : do **23 de maio ao 23 de xuño**, asinada polo pai e nai ou titor do menor. Para axilización da secretaría, pregamos presenten a solicitude **antes do 1 de xuño**
b. Cada familia entregará unha **única** solicitude por centro escolar
c. En caso de separación ou divorcio deberá achegar orixinal e fotocopia da sentenza xudicial na que figure o convenio regulador onde conste a custodia do/a menor
d. Se algún membro computable da unidade familiar ten discapacidade recoñecida pola Xunta de Galicia ou percibe pensión por algunha incapacidade (a data 31/12/2015) e se opoñen a consulta automática deberán facelo constar na solicitude e entregar a documentación acreditativa xunto coa solicitude
e. Presentar os orixinais e fotocopias de tódolos DNI da unidade familiar e do libro de familia completo (tódalas follas que teñan algo escrito (incluso a primeira folla que leva o número do libro) de ser esa a situación en data **31/12/2015**. Nos casos en que a situación sexa diferente á do libro de familia deberán achegar os documentos que acrediten a nova situación (certificacións ou volantes de convivencia ou dos servizos sociais do concello que acrediten a situación familiar, certificado de defunción….)

Orde do 16 de maio de 2017 polo que se convocan estas axudas no DOG nº 96 do luns 22 de maio de 2017 ou na web do centro: *www.iesescolasproval.com*

Membros computables da unidade familiar: a data 31/12/2015

Os pais non separados/divorciados legalmente, os fillos menores de idade, os fillos maiores de idade discapacitados, os fillos solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar, os proxenitores separados/divorciados legalmente con custodia compartida, a persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a